

A nova monarquía dos Reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa)

O reinado dos Reis Católicos foi o **punto de partida do Estado moderno en España** xa que nel se estableceron as grandes liñas definitivas da monarquía hispánica durante gran parte do Antigo Réxime.

O seu inicio sitúase no matrimonio en 1469 entre Isabel, pretendente á Coroa castelá, ocupada polo seu irmán Henrique IV, e Fernando, fillo e herdeiro de Xoán II de Aragón. Este enlace concebiuse como un acto estratéxico que buscaba reforzar o poder dos futuros monarcas en cadanseu reino nunha coxuntura política delicada e inestable. E tivo unha consecuencia fundamental: no momento en que Isabel e Fernando accederon aos seus tronos respectivos (a primeira, en 1474 tras vencer na guerra de sucesión castelá; o segundo, en 1479 tras a morte do seu pai), produciuse a **unión dinástica de ambas Coroas** a través do vencello matrimonial entre os seus reis e da súa descendencia, a dinastía dos Austrias. Porén, isto non significou a unificación política de ambos reinos: cada unha das Coroas conservou os seus rasgos, con leis e institucións propias e diferenciadas (por exemplo, mantivéronse Cortes diferenciadas para Castela, Aragón, Cataluña, Valencia e Navarra), e non se fusionaron os territorios (manténdose, mesmo, as fronteiras e aduanas entre eles). Aínda que na Corte real e no exterior se foi impoñendo pouco a pouco o título de *reis de España* e aínda que fusionaron o seu escudo (as frechas de Isabel e o xugo de Fernando), cada monarca mantivo os seus títulos tradicionais e para gobernar os seus reinos acordaron repartirse competencias e administrar conxuntamente os territorios como correxentes (co lema: *tanto monta, monta tanto*).

Agora ben, sobre esta base os Reis Católicos levaron a cabo numerosas medidas para a **reorganización político-administrativa** dos seus reinos, que tiña como obxectivo principal a mellora do seu goberno e, sobre todo, o reforzamento do poder real fronte aos privilexios políticos feudais da nobreza, a Igrexa e as cidades. Entre esas medidas, destacan:

- **Reforzamento dos Consellos**, coa reforma do Consello Real de Castela, que se converteu no principal órgano asesor e de goberno dos reis e que estaba formado por nobres e letrados organizados en comités específicos (política exterior, xustiza, facenda...), e coa creación doutros novos: das Ordes Militares, de Aragón, de Indias (desde o descubrimento de América en 1492), etc. Especial importancia tivo o Consello da Suprema Inquisición, instrumento clave na súa fundamental política relixiosa e encargado de controlar a uniformidade na fe cristiá tras a expulsión dos xudeus en 1492 e a aparición dos primeiros conversos.

- **Incremento da burocracia**, con especial importancia dos **vicereis**, que representaban aos soberanos nos territorios en que estes non estaban presentes (en Galicia, crearon o cargo de Gobernador, con poderes similares), e dos **corrixidores**, que, designados polos monarcas, gobernaban as cidades de reguengo de Castela no seu nome e estaban encargados da orde pública, de impartir xustiza e de supervisar a vida municipal.

- **Reorganización do sistema xudicial**, graduando a importancia dos tribunais: os corrixidores a nivel local, as novas Chancelarías (Valladolid e Granada) e Audiencias

(Galicia e Sevilla) a nivel rexional e o Consello Real de Castela, última instancia xudicial.

- **Formación dun exército permanente**, clave na política exterior en Italia, Norte de África e Canarias, e **dun corpo armado**, a Santa Irmandade, para manter a orde nos camiños.